



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Nomeamento de funcionaria de carreira da escala de administración xeral, subescala subalterna (OEP 2022)

ANUNCIO

Esta alcaldía ditou o 7 de novembro de 2024 o Decreto núm.2001/2024, que a continuación se transcribe:

“Logo de ver a proposta do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a provisión dunha praza denominada: ordenanza, pertencente á escala de administración xeral subescala subalterna, grupo E/Agrupacións profesionais de clasificación, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2022, mediante o sistema selectivo de oposición en quenda libre.

Resultando que a aspirante proposta presentou a documentación preceptiva esixida na convocatoria, a cal foi achada correcta e acreditativa dos requisitos esixidos.

Consonte as atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 41.14.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e de conformidade co disposto no artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, resolvo:

1º.- Nomear funcionaria de carreira a D^a. María Fátima López Mosquera, co DNI núm. ** *00 12* *, na praza denominada: ordenanza, pertencente á escala de administración xeral subescala subalterna, grupo E/Agrupacións profesionais de clasificación.

2º.- A nomeada adquirirá a condición de funcionaria de carreira previa prestación de xuramento ou promesa, segundo o establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, e toma de posesión do seu destino no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Sada, 8 de novembro de 2024

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2024/7992